

ANEXO II

ESBOZOS DE COLOCACIÓN DE PUPITRES EN AULA (POSIBLES PROPOSTAS)

A continuación, detállanse posibles colocacións que se empregarán nas aulas. A estas poden engadirse modificacións, adaptacións, melloras... tendo en conta o grupo aula e que garantan as medidas sinaladas no *Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021*.


Estas posibles propostas están pensadas para o espazo que van a empregar o alumnado de Educación Primaria. En Educación Infantil adaptárase a aula en recantos con minimización do impacto da manipulación e da interacción entre grupos.

Para a realización destes esbozos, tomáronse como referencia espazos como a aula de música, aula P6 Abalar e aula P5. Trala medición e comprobación, detectouse que os espazos dispoñían aproximadamente da mesma superficie.



Mesa
mestre

As aulas do centro dispoñen dunha superficie
entre 60 e 70 metros cadrados




A mesa do mestre situarase a non menos dun metro do primeiro alumno/a. Poderá orientala como mellor cumpra os requisitos de distancia e adecuación á actividade docente

O alumnado terá o seu lugar determinado e só manexará o seu posto. Este non deberá ser compartido sen existir desinfección previa de mesmo. Poderanse ampliar as distancias se o espazo o permite.
No caso de que a ratio do alumnado e o espazo o permita, poderanse enfrontar postos se superan a distancia de 1,50 metros.

DISPOSICIÓN INDIVIDUAL DOS POSTOS ESCOLARES



As aulas do centro dispoñen dunha superficie entre 60 e 70 metros cadrados



A mesa do mestre situarase a non menos dun metro do primeiro alumno/a. Poderá orientala como mellor cumpla os requisitos de distancia e adecuación á actividade docente

O alumnado disporase nas mesas en cor azul. Terá posto estable. As mesas negras serán o centro que axudará a manter as referencias de distancia. Ademais, poderanse empregar para colocar material manipulable que será o menor posible.

Esta disposición poderá repetirse e adecuarse a cada grupo en función do grupo, pero sempre respectando as distancias sinaladas no protocolo en relación á colocación de mesas e pupitres.

DISPOSICIÓN EN GRUPOS




Neste último esbozo visualízase outro modo de colocación dentro de grupos estables de 4 membros.



En liña entre postos, haberá unha distancia de aproximadamente 1,20 m

DISPOSICIÓN EN GRUPOS DE 4

(segundo este esbozo dispónse os postos das mesas de estudo da Biblioteca)



O alumnado terá o seu lugar determinado e só manexará o seu posto. Só se colocará nos espazos sinalados en cor azul, permanecendo os negros baleiros .

A mesa do mestre situarase a carón das cadeiras de pa coas que conta a aula. Preferiblemente e sempre que a ratio do grupo o permita, este posto quedará sen ocupar. O alumnado de 5º e 6º de EP (ratio superior ó permitido na disposición e distanciamiento)

DISPOSICIÓN AULA DE MÚSICA (total de 16 postos seguindo a pauta do esbozo arriba indicado)



ANEXO III

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DE MEDIDAS DO PLAN DE ADAPTACIÓN Á COVID 19

Para facilitar unha ferramenta de control rápido e eficaz da implantación das medidas previstas en canto á prevención e protección, tanto de traballadores como do alumnado e visitas ó centro, adxúntase o seguinte cuestionario de avaliación.

ASPECTO A CONSIDERAR / AVALIAR		REALIZADO		
		SI	NON	NP (non preciso)
1. Procedementos sanitarios relativos ao control da enfermidade				
1.1.	Informe aos traballadores de non acudir ó centro en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan síntomas?			
1.2.	Informe aos pais/nais/titores do alumnado de non enviarlos ó centro educativo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?			
1.3.	Estableceuse no centro o procedemento para seguir se algún traballador/a ou alumno/a presenta síntomas da enfermidade no centro educativo?			
<i>Observacións:</i>				
2. Medidas organizativas				
2.1.	Establecéronse quendas ou procedementos de acceso para garantir que non se producen aglomeracións no acceso e mantéñense as distancias de seguridade?			



2.2.	Dimensionáronse os espazos de traballo seguindo as indicacións dos procedementos da Consellería de Educación?			
2.3.	Teñen todos os membros da comunidade educativa acceso a auga e xabón, panos desbotables para secado e papeleiras no centro?			
2.4.	Dispúxose de solución hidroalcolica para traballadores e alumnado?			
2.5.	Colocáronse pantallas protectoras ou similares nas zonas de atención ó público?			
2.6.	Estableceuse un fluxo controlado na entrada e na saída evitando, na medida do posible, o cruzamento de grupos?			
2.7.	Definíronse sentidos de circulación nas zonas de maior afluencia diferenciando visualmente as mesmas?			
2.8.	Limitáronse as visitas e contactos ao mínimo posible?			
2.9.	As aulas adecuáronse ás pautas marcadas pola Consellería de Educación?			
2.10.	Limitáronse as reunións presenciais?			
2.11.	No caso de realizarse, mantívose a distancia de seguridade, así como as medidas de hixiene e distanciamento social?			
2.12.	Establecéronse normas para os aseos?			
2.13.	Establecéronse normas para o emprego dos vestiarios?			
2.14.	Establecéronse normas específicas para as salas de reunións?			
2.15.	Establecéronse normas para o comedor seguindo as pautas da Consellería de Educación?			
2.16.	Conta o centro con papeleiras con tapa e accionadas por pedal?			
2.17.	Dispónse de bandexas ou similar para o intercambio de papeis en Dirección?			



2.18.	Évitase compartir obxectos e/ou hixienízase o seu uso?			
<i>Observacións:</i>				
3. Formación e información dos/as traballadores/as				
3.1.	O persoal é informado dun xeito fiable e actualizado das recomendacións sanitarias que se deben seguir de xeito individual?			
3.2.	Formouse ós/ás traballadores/as na prevención do contaxio e as medidas a adoptar específicas para o lugar de traballo, así como o equipamento de protección a empregar?			
3.3.	Informouse ó persoal sobre como eliminar o material de uso de hixiene persoal (máscaras, luvas, panos...)?			
<i>Observacións:</i>				
4. Limpeza e desinfección da instalación				
4.1.	Dispuxéronse os produtos de limpeza necesarios para poder empredner e manter a actividade e limpeza requerida?			
4.2.	Realízase unha correcta limpeza das instalacións en relación coa súa periodicidade?			
4.3.	Informouse ó persoal de limpeza sobre os aspectos necesarios para limpar os espazos, superficies, pomos, portas, ordenadores...?			
4.4.	Déronse indicacións aos/ás traballadores/as para depositar o material de hixiene persoal na fracción resto?			
4.5.	Estableceuse un mecanismo para a eliminación de residuos procedentes dunha persoa que presentou			



	síntomas da enfermidade e os elementos de limpeza empregados neste caso?			
4.6.	Establecéronse directrices para reforzar a ventilación periódica das instalacións?			
<i>Observacións:</i>				
5. Sinalización				
5.1.	Indicáronse as normas de hixiene que hai que manter?			
5.2.	Sinalizáronse as normas de acceso relativas ao alumnado así como dos elementos de protección que deben portar?			
5.3.	Sinalouzouse mediante marcas no chan ou similares a distancia de seguridade que se debe manter segundo o marcado pola Consellería de Educación?			
5.4.	Sinalizouse na entrada a prohibición de acceder a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade?			
5.5.	Sinalizáronse as normas de uso en zonas comúns?			
<i>Observacións:</i>				



ANEXO IV

PRODUTOS DE LIMPEZA EMPREGADOS NO CENTRO

A continuación, detállanse os produtos cos que se realizan as tarefas de limpeza no centro.

ESPAZO/MATERIAL A DESINFECTAR	PRODUTOS A EMPREGAR
Chan, aseos e inodoros <i>(un mínimo de 3 veces na xornada escolar)</i>	- Solución desinfectante virucida - Solución de lixivia (empregarase únicamente ó remate da xornada escolar)
Mobles, mesas, cadeiras, armarios, pomos, pasamáns e outras superficies	- Solución desinfectante virucida en spray con aplicación directa e emprego de panos (Bosque Verde- multiusos desinfectantes; Sanytol ou similares)
Teclados de ordenador, ratos, pequeno material manipulable	- Solución hidroalcohólica líquida pulverizada e panos desbotables. - Panos húmidos desbotables con solución virucida para emprego sobre material informático (localizaranse na aula de informática e aulas Abalar prioritariamente).
<p><i>Poderanse empregar un ou outros produtos dependendo das existencias de provedores e/ou tendas físicas onde adquirir o material. Así mesmo, poderná ser substituídos por outros de características similares e que realicen a función de desinfección requerida tendo en conta a listaxe de produtos facilitada polo Ministerio de Sanidade.</i></p>	



ANEXO VII. CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN CLÍNICA COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para calquera membro da comunidade educativa facendo posible a detección de síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus.

De presentar calquera destes síntomas, solicite consulta no seu centro de saúde de referencia.

Presentou nas últimas dúas semanas...?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansanzo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Diarrea		
Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron			
		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas...?	Cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
Convivió nas últimas 2 semanas...?	Cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		